

INFORMACIÓN SOBRE A AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.

(Regulada pola Orde do 7 de maio de 2024, publicada no DOG do 20 de maio)

As **contías** da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en calquera curso da ESO, serán as seguintes:

- Renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 euros**, será de **75 €**.
- Renda per cápita familiar **superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €**: **60 €**.

Pode ser solicitada por todo o alumnado da ESO cando reuna os requisitos solicitados na Orde.

PRAZO ÚNICO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE

ATA O 21 DE XUÑO (incluído)

✓ **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:**

Ademais de poder realizar directamente a presentación **no propio centro**, o artigo 9.3 da orde especifica que as solicitudes poderán presentarse **por vía electrónica** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, accedendo ao procedemento ED330B, ou tamén a través da aplicación “Fondolibros” (www.edu.xunta.gal/fondolibros).

Neste último caso da presentación electrónica, unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardar a solicitude, obtendo así o número da mesma, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude (anexo I) e o anexo II, e presentase no centro (debidamente asinados), xunto co resto da documentación (a solicitude xa terá asignado un número pola aplicación e o centro pode recuperala).
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, xunto coa documentación complementaria escaneada.

✓ **DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE (ANEXO I DA ORDE):**

1- INSTANCIA DE SOLICITUDE (anexo I), ÚNICA PARA O CASO DE VARIOS FILLOS/AS (no caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a), **poderase obter no propio IES ou cumprimentar e descargar da súa páxina web** (apartado “[Secretaría virtual](#)”, pero tamén <https://sede.xunta.gal/portada> (dentro da pestana “procedementos e servizos”, código de procedemento: ED330B). **No caso de fillos/as menores**, asina un dos proxenitores-titores. Se fora o caso, asinarase tamén o apartado referido á **acreditación da discapacidade**.

2- ANEXO II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar, que se atopa na última páxina da solicitude). Nel **asinarán todos os membros da unidade familiar** (ver membros que computan no recadro da seguinte páxina).

2- LIBRO DE FAMILIA (orixinal e copia) ou equivalente, no que figuren todos os membros computables da unidade familiar. **En caso de divorcio**: sentenza xudicial de separación ou divorcio, ou convenio onde conste a custodia do menor; excepcionalmente poderase acreditar os membros computables mediante certificado de convivencia, informe dos servizos sociais do concello, certificado de defunción.

3- CERTIFICADOS MINUSVALÍAS, INCAPACIDADES, PENSIONISTAS, ETC, se é o caso (orixinais e copia).

4- CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE INCAPACITACIÓN XUDICIAL CON PATRIA POTESTADE PRORROGADA, VIOLENCIA DE XÉNERO, TUTELA OU GARDA DA XUNTA DE GALICIA, ...

- ✓ **RENDA PER CÁPITA**: renda familiar do exercicio fiscal 2022 dividida entre os membros computables da unidade familiar.

SE PRESENTAN DECLARACIÓN DA RENDA: CÁLCULO COS **RECADROS 435+460** DA DECLARACIÓN, DIVIDIDA ENTRE Nº MEMBROS COMPUTABLES. **SE NON A PRESENTAN**: TERANSE EN CONTA OS INGRESOS DE ACORDO COS DATOS TRIBUTARIOS FACILITADOS POLA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

En calquera caso, **computan** os pais non separados, fillos/as menores de idade, fillos/as maiores con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, menores de 25 anos solteiros que convivan no fogar familiar, o proxenitor/a separado/a ou divorciado cando haxa custodia compartida, persoa que por novo matrimonio ou convivencia viva no fogar familiar. Se non hai vínculo matrimonial, a familia enténdese constituída polo pai, a nai e os descendentes que convivan con eles e cumpran os requisitos anteriores.

Non tera a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xenero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA DE INTERESE:

- **As diferentes listaxes** provisionais e definitivas publicaranse exclusivamente no taboleiro interior do centro.
- **Os vales** para adquirir material escolar **serán xerados e entregados** sempre que conste que o alumno/a está matriculado para o curso 2024/25.
- O **alumnado que repita 4º de ESO** poderá presentar solicitude no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.
- **Causas de exclusión das axudas**: presentación fóra de prazo, a non corrección de deficiencias na solicitude e/ou documentación.
- Cando a persoa interesada detecte algún **erro no vale de axuda** para a adquisición de material escolar entregado, disporá de **dez (10) días hábiles para emendar** a solicitude e devolver o vale recibido ao centro.
- Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá **adquirir unicamente material escolar no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo** que figura no documento.
- Se o **importe** dos materiais adquiridos é **inferior** ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para tal efecto a contía exacta da venda; se o importe é **superior** ao valor do vale, a diferenza será aboada polo solicitante. **A consellería non asume máis que o importe consignado no vale.**
- O **establecemento** receptor dos vales **non poderá**, en ningún caso, **requirir á persoa que lle anticipe o importe** do vale, nin que lle entregue o vale asinado antes da recepción do material adquirido.
- **Os vales non poderán ser fraccionados**, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.